

O ANO 2019 NO VENRES EPIDEMIOLÓXICO

Como é habitual dende que en 2013 se fixera o primeiro resumo do acontecido no ano anterior e publicado en Venres Epidemiolóxico, expónse a continuación un resumo das cuestións máis relevantes do ano que finalizou.

Neste ano 2019, en Galicia producíronse varios cambios relativos ás vacinas: pasou a financiarse a vacina do rotavirus para os lactantes prematuros nados entre a semana 27 e 32 de xestión que estean clinicamente estables e non teñan contraindicacións ([ligazón](#)); substituíuse no calendario de vacinación infantil a vacina bivalente fronte ao VPH pola nonavalente, co establecemento de novas indicacións para esta vacina ([ligazón](#)) e, tamén, a vacina fronte ao meningococo do serogrupo C administrada aos 12 anos, pola vacina fronte aos serogrupos A,C, W e Y ([ligazón](#)).

Por outra banda, neste ano 2019 tiveron lugar dous abrochos especialmente relevantes: de sarampelo (con tres casos) e de parotidite.

O abrocho de sarampelo ([ligazón](#)) foi o primeiro que tivo lugar en Galicia dende o ano 2011 e o feito de que, a pesares da gran capacidade de difusión deste virus, só se visen afectadas tres persoas, reflicte que na poboación hai un moi bo nivel de inmunidade, que é o fundamento do programa de eliminación. Non obstante, ante a posibilidade de reintrodución do virus na nosa comunidade, compre sospeitar de sarampelo, e avisar ao saeg, cando un paciente amose: febre ($T^{\circ} > 38^{\circ}C$) con exantema máculo-papular, e algún dos seguintes síntomas: tose, coriza ou conxuntivite.

Ademais, neste ano 2019 comezou un abrocho de parotidite

([ligazón](#)), entre mozos e mozas de 15 a 24 anos, que segue activo na actualidade.

Este 2019 foi tamén o ano no que se descartaron os primeiros casos de chikungunya autóctonos en España ([ligazón](#)). A nova entraba dentro do posible xa que en España circula o vector transmisor (o mosquito *Aedes albopictus*) e existen casos importados en período de transmisión. De feito, en España xa se declararon casos autóctonos de dengue no 2018 (e un novo caso en Cataluña no 2019, [ligazón](#)); tamén se declararan en anos previos casos autóctonos de zika, aínda que neste caso non a través do vector senón por transmisión sexual (2) e conxénitos (5).

Por último, dende o punto de vista de acontecementos destacables no resto do Estado, neste ano 2019 tivo lugar o maior abrocho declarado en España por listeria (con 216 afectados), sen que houbera constancia de ningún caso en Galicia, e do que Venres Epidemiolóxico xa deu conta das actuacións que había que seguir ante expostos á carne mechada implicada neste abrocho que puidesen consultar na nosa comunidade ([ligazón](#)).

E dende o punto de vista internacional destacou a declaración do actual abrocho de ébola na RDC (iniciado o 01/08/2018) como unha emerxencia de saúde pública de importancia internacional (ESPII), por tratarse dun evento extraordinario con capacidade de extensión a outros países e requirir dunha resposta internacional coordinada ([ligazón](#)). A 26/12/2019 o número de afectados ascendía a 3 366 casos, cunha letalidade do 66% e o abrocho continúa activo.

A GRIPE NA TEMPADA 2019/2020

O número das consultas por gripe atendidas en atención primaria amosaron, entre a última semana do ano 2019 e a primeira do ano 2020, un ascenso a respecto das semanas previas, superándose, na primeira semana do ano, o limiar que marca o inicio da onda epidémica (Apéndice). Este limiar, que se estima baseándose no modelo matemático de Tomás Vega et al, estableceuse nun valor de 1'6, e calculouse empregando os datos dispoñibles de tempadas pasadas, das consultas por gripe atendidas en atención primaria e do número de médicos que as atenderon.

Esta información, coincide coa tendencia crecente observada cos datos facilitados polo resto dos sistemas empregados na vixilancia da gripe en Galicia, tanto no número de chamadas semanais ao 061 por gripe e máis IRA, como no número de ingresos semanais con gripe confirmada, e como na porcentaxe semanal de mostras respiratorias positivas para o virus da gripe.

Os datos microbiolóxicos facilitados polos servizos de microbioloxía do CHUAC, CHUO, CHOUP e CHUVI, amosan, ata o de agora, unha circulación tanto de virus da gripe A coma do virus da gripe B, que se illaron nun 61% e nun 39%, respectivamente. A maioría dos virus da gripe A non foron subtipados, pero entre os que si o foron (N=14) detectouse unha maioría de virus AH1N1_{09pdm}.

Por outra banda, o número de ingresos con gripe confirmada ascendeu a 108, cunha porcentaxe de paso a UCI do 8%, inusualmente baixo para un principio de tempada.

Na web temática da gripe: <https://gripe.sergas.es/>, poden consultarse as actualizacións semanais do informe de actividade gripal ([ligazón](#)), atopar recomendacións de como previr a gripe e de quen debe vacinarse. Tamén se poden consultar os datos das coberturas vacinais antigripal, actualizados semanalmente tanto por áreas sanitarias como para o conxunto de Galicia ([ligazón](#)).

A GRIPE NA TEMPADA 2019/2020

Ratio entre o número de consultas rexistradas como gripe en atención primaria e o número de médicos que as rexistraron, por semana epidemiolóxica e para as últimas tres tempadas mais a tempada actual

